

# Estratexia de formación da industria forestal de Galicia 2018-2020

# Índice

**1. Antecedentes**

**2. Análise do catálogo de formación**

**3. Análise das necesidades formativas do sector**

**4. Mapa empresarial do sector en Galicia**

**5. Mapa de centros formativos de Galicia**

**6. Estratexia de formación da industria forestal**

**Anexo I. Certificados de profesionalidade**

**Anexo II. Accións formativas prioritizadas**

**Anexo III. Centros formativos**



# Antecedentes

# Antecedentes

A **Axencia Galega da Industria Forestal** é unha axencia pública autonómica creada mediante o Decreto 81/2017, do 3 de agosto, coa finalidade de exercer como instrumento para impulsar a industria forestal en Galicia, mellorando a súa competitividade e a innovación do tecido empresarial vinculado ao sector e, ademais, coordinando centros de investigación relacionados coa industria forestal.

A Axencia Galega da Industria Forestal é, ademais, o **centro de servizos de referencia** do sector forestal e actúa como interlocutor da Administración, definindo e promovendo estratexias para o aproveitamento e a mellora da competitividade da industria forestal, impulsando a creación de emprego, favorecendo a transferencia de coñecemento, asesorando aos axentes do sector e **incentivando a formación e cualificación dos empregados da industria forestal.**



A industria forestal en Galicia é un **importante pilar económico**. A Comunidade Autónoma sitúase como a novena potencia forestal a nivel europeo e a madeira cortada nos montes galegos supón o 50% do total nacional. O sector forestal supón o 1,8% do PIB galego e o emprego que xera a cadea de valor forestal supón un 12% do emprego industrial de Galicia, sendo o sector con máis peso en numerosas comarcas.

O tecido empresarial do sector en Galicia move arredor 2.000 millóns de euros anuais e emprega a máis de 70.000 persoas nunhas 3.000 empresas que abarca toda a cadea forestal. Nos últimos anos o crecemento do sector é notorio, de man do aumento das exportacións e da facturación.





# Antecedentes

Debido a esta **importancia estratéxica do sector** en Galicia, a Axencia ten que asegurar a potenciación da industria forestal, fomentando a compatibilidade e a sostibilidade dos usos do monte, logrando así acadar un equilibrio saudable entre o aproveitamento forestal e a conservación do chan e os bosques. Dotar ao sector de competitividade e innovación, contribuír o desenvolvemento sostible, e xerar emprego e valor engadido son os obxectivos que se deben de alcanzar para lograr que os produtos do monte galego sexan asociados cun criterio global de material de alta calidade e procedencia sostible.

O fomento e desenvolvemento de programas de asesoramento, a promoción de actividades científicas para a industria forestal, a participación en foros internacionais, a promoción da creación e o crecemento de empresas da industria forestal, son funcións que a Axencia desenvolve para a potenciación do sector.

Para lograr estes obxectivos é imprescindible a cualificación dos empregados do sector. Por esta razón, a Axencia Galega da Industria Forestal desenvolveu unha **estratexia de formación** para o sector, dirixida a abordar as necesidades formativas de toda a cadea forestal, anticiparse ás necesidades futuras e mellorar e incentivar a formación, favorecendo a capacitación profesional para permitir ás empresas impulsar a súa produtividade e a súa competitividade, así como a información/formación sobre actividades coherentes coa conservación do patrimonio natural e a biodiversidade, e coa xestión sostible dos recursos.






# Análise do catálogo de formación

# Análise do catálogo de formación

O Sistema Público de Emprego Estatal dispón dun catálogo de certificados de profesionalidade en relación coa industria forestal. Este catálogo foi analizado en relación aos diferentes eslabóns da cadea.

Mantivéronse reunión con diferentes axentes clave do sector, co obxectivo de contrastar dita análise, completalo con outro tipo de acción e detectar as áreas con maior déficit de oferta formativa na actualidade.

Con todo, realizouse unha segmentación da oferta formativa en función de cada un dos eslabóns da cadea da industria forestal:




# Análise do catálogo de formación

A continuación expónse a listaxe de certificados de profesionalidade analizados:

CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE	
Denominación	
Explotación forestal	Aproveitamentos forestais
	Xestión de repoboacións forestais e de tratamentos silvícolas
	Xestión de aproveitamentos forestais
	Mantemento e mellora do hábitat cinexético-piscícola
	Repoboacións forestais e tratamentos silvícolas
	Actividades auxiliares en aproveitamentos forestais
	Xestión dos aproveitamentos cinexético-piscícolas
	Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes
Primeira transformación	Serrado da madeira
	Preparación da madeira
Segunda transformación	Proxectos de carpintaría e moble
	Mecanizado da madeira e derivados
	Traballos de carpintaría e moble
	Acabado de carpintaría e moble
	Talla de elementos decorativos en madeira
	Proxectos de instalación e amoblamento
	Instalación de mobles
	Instalación de elementos de carpintaría
	Montaxe de mobles e elementos de carpintaría
	Montaxe e instalación de construcións de madeira
	Organización e xestión da produción en industrias do moble e de carpintaría
	Aplicación de vernices e lacas en elementos de carpintaría e moble





# Análise das necessidades formativas do sector

# Análise das necesidades formativas do sector

## Introdución

O **sector forestal considérase un pilar no marco dos sectores estratéxicos da economía galega** vinculados a Axenda Industria 4.0, englobando os ámbitos de silvicultura e explotación forestal, e tamén a transformación da madeira.

En consecuencia con isto, as empresas do forestal galego foron beneficiarias da orde de 31 de decembro de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras do **Programa de incentivos á formación de persoas traballadoras ocupadas en sectores estratéxicos para as empresas galegas, cofinanciadas polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020**. Con esta iniciativa reciben cualificación máis de 1.500 traballadores en 500 empresas de sectores estratéxicos, entre os que se inclúe o sector forestal.

Ademais desta axuda á formación, a Consellería de Economía, Emprego e Industria tamén publicou unha **convocatoria de Obradoiros duais de Emprego**, mediante a orde do 4 de maio de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018.

No Artigo 3.1 desta orde destácase que “Os proxectos de obradoiros duais de emprego poden ser promovidos polos concellos, mancomunidades de concellos ou entidades públicas dependentes ou vinculadas a un concello, cuxa titularidade corresponda integramente a este, así como **entidades sen ánimo de lucro do sector forestal constituídas e rexistradas como asociacións**”. Do importe total da convocatoria, reservouse 1.030.000 euros para obradoiros duais forestais promovidos por entidades sen ánimo de lucro do sector forestal.

Estas dúas convocatorias, xunto co actual catálogo de certificados de profesionalidade cos seus módulos e unidades formativas, conforman a oferta formativa da que dispón o sector forestal na actualidade para satisfacer ás súas necesidades.

# Análise das necesidades formativas do sector

## Metodoloxía

No transcurso da definición da Estratexia de Formación Forestal, desenvolveuse un proceso participativo cos seguintes axentes clave do sector forestal en Galicia:

- ✓ Asociación Forestal de Galicia
- ✓ Federación Empresarial de Serradores e Rematantes de Madeiras de Galicia
- ✓ Asociación Provincial de Empresarios da Primeira Transformación da Madeira de Lugo
- ✓ Clúster da Madeira e o Deseño de Galicia
- ✓ CIS Madeira

Desenvolvéronse reunións con ditos axentes, nas que se expuxo e se valorou o resultado do análise dos certificados de profesionalidade, segmentados para cada elo da cadea de valor da industria forestal, identificando os principais módulos e unidades formativas.

Do mesmo xeito, analizáronse as principais necesidades que presenta a formación existente na actualidade, e elaborouse unha listaxe coas principais necesidades de formación para cada una das fases da cadea:

- Explotación forestal
- Primeira Transformación
- Segunda Transformación
- Formación transversal

A continuación preséntase un resumo executivo do resultado das entrevistas.

# Análise das necesidades formativas do sector

## Explotación forestal

Na fase de explotación forestal, detectáronse as seguintes necesidades, con consecuencias sobre o resto da cadea de valor:

### 1) Propietarios forestais

- A súa **actividade principal non é a explotación dos seus montes**. Por iso, tenden a **subcontratar os servizos asociados á explotación forestal**.
- En xeral, non dispoñen de información para a explotación óptima dos seus recursos (como por exemplo as diferentes opción e condicionantes da plantación e explotación do terreo), o que está provocando que non se produza certo tipo de madeira que está sendo demandada polo sector.
- Existe una **falta de agrupación** para a explotación conxunta dos recursos forestais, que permita xerar economías de escala.

### 2) Axentes clave

- As **grandes empresas do sector forestal en Galicia** desenvolven e aplican modelos de silvicultura nos terreos que explotan.
- Porén, os servizos de explotación forestal prestados na súa maioría do terreo forestal galego son desenvolvidos por empresas que, polo xeral, **presentan un déficit nos coñecementos e técnicas adecuadas** para desenvolver ditos traballos, provocando por exemplo que a materia prima non se obteña nas condicións óptimas para o seu posterior aproveitamento.
- O sector non está a demandar persoal profesional coa formación específica para o desenvolvemento de servizos de explotación forestal. Esta **falta de asesoramento profesional en silvicultura** está a provocar una caída moi importante no rendemento dos terreos.



# Análise das necesidades formativas do sector

## Explotación forestal

Tendo en conta estas cuestións, débese potenciar a **aplicación de modelos de silvicultura adaptados ás necesidades do terreo e do mercado**, a través de:

- a) Asesoramento profesional en canto á tipoloxía e condicionantes das especies a plantar.
- b) Realización de labores de plantado, poda e entresacado dunha maneira axeitada para potenciar a calidade dos produtos.
- c) Utilización da ferramenta axeitada para cada tarefa.
- d) Desenvolvemento da talla e extracción da madeira utilizando o procedemento axeitado en cada caso.
- e) Rexeneración do terreo e replantación do mesmo nas mellores condicións.



A gran maioría do territorio explotado en Galicia carece dun axeitado aproveitamento forestal baseado en modelos de silvicultura. O déficit de información, formación e profesionalización dos servizos de explotación forestal está a afectar a toda a cadea forestal.

# Análise das necesidades formativas do sector

## Explotación forestal

En canto ás principais demandas de formación, as accións máis demandadas polos actores deste elo da cadea céntrase no **aproveitamento forestal**. Existe una demanda de formación máis práctica para o apeo e o procesado de árbores, coa utilización de **simuladores** para a colleitadora e o auto cargador. Ademais, o apeo e o procesado de árbores con motoserra, así como o seu mantemento, son outra das necesidades de formación demandadas polo sector.

Tamén se está demandando **formación en planificación**, tanto de aproveitamento madeireiro como de organización e supervisión do desembosque.

A obtención de **certificados forestais**, como o **FSC** (Consello de Administración Forestal), ou o **PEFC** (Programa para o Recoñecemento de Certificación Forestal) son considerados de gran importancia. Ambos certificados constatan que a madeira provén de explotacións forestais sostibles, que a produción é responsable e o consumo sostible, reforzando a confianza dos consumidores nos nosos produtos e asegurando a calidade dos mesmos.

Os traballos de **silvicultura** tamén son obxecto de demanda formativa. É necesario asegurar a calidade xestionando de maneira axeitada a plantación e replantación, previndo incendios forestais e asegurando a protección do monte.




# Análise das necesidades formativas do sector

## Primeira transformación

No segundo elo da cadea de valor da industria forestal, **primeira transformación**, a oferta formativa que actualmente esta dispoñible a nivel autonómico e nacional, polo xeral non se axusta ás necesidades do sector, por presentar un **enfoque demasiado teórico, pouco práctico** e tamén una **baixa flexibilidade**.

As actuais liñas de subvención non se axustan ás necesidades do sector, debido ás seguintes problemáticas:

- Número mínimo de alumnos elevado.
- Distancia entre as empresas e a ubicación da formación.
- Horarios dos cursos non adaptados aos horarios dos traballadores.
- Excesiva carga de horas de formación teórica.
- Elevada carga administrativa para presentar as solicitudes.



Demándase o desenvolvemento de accións formativas específicas para o sector, cun enfoque máis práctico e flexibilidade horaria, sendo accesibles tanto para empregados actuais como a futuros profesionais do sector.



# Análise das necesidades formativas do sector

## Primeira transformación

En canto ás principais demandas de formación na primeira transformación, céntranse no **serrado e tratamentos da madeira**. O enfoque práctico coa utilización dun **simulador para o carro de serra** é fundamental. Resulta tamén de moito interese a formación para a **clasificación e xestión da produción da madeira serrada**.

É necesario facer fincapé na formación para un dos procesos máis importantes na primeira transformación, como é o **secado da madeira**, que permite evitar problemas de mecanizado, ademais de mellorar os posteriores tratamentos e acabados. Neste sentido, tamén se demandan accións formativas referentes a **tratamentos preventivos e curativos da madeira**.



# Análise das necesidades formativas do sector

## Segunda transformación

Por último, preséntanse as necesidades formativas correspondentes ao elo da segunda transformación da madeira:

- Necesidade de **formación práctica en manipulación e mantemento de maquinaria**. As novas incorporacións profesionais presentan un déficit tanto no uso e manexo da maquinaria como no seu mantemento.
- Existe tamén **un déficit de formación para a instalación e mantemento de elementos de carpintaría**, debido á falta de trazabilidade entre a fabricación e a instalación.
- **No campo da ebanistería non existe un relevo xeracional**. A oferta formativa actual non é suficiente nin está actualizada, provocando un déficit de profesionais adaptados ás necesidades do sector.
- **Déficit de formación en estruturas de madeira para construción de edificios**. Existe unha tendencia centroeuropea en relación á construción de edificios con estruturas de madeira, o que provocará a necesidade de cualificar a carpinteiros nesta temática, así como formar arquitectos para o coñecemento dos diferentes tipos de madeira e da súa correcta aplicación.
- Necesidade de incorporar o **deseño** de produtos de madeira nos procesos do sector, acercando os coñecementos básicos de proxectos de carpintaría e moble ás empresas do sector.

É necesario integrar a segunda transformación da madeira co resto do sector para pechar o ciclo de produción en Galicia. Existe un déficit de formación especializada, especialmente en madeira estrutural, deseño de produtos e instalación de elementos de carpintaría e moble.



# Análise das necesidades formativas do sector

## Segunda transformación

Neste elo da cadea da industria forestal é onde máis necesidades formativas se detectaron, xunto coa explotación forestal.

O **desenvolvemento de proxectos de carpintaría e moble; formación en mecanizado da madeira; desenvolvemento de proxectos de instalación e amoblamento, medicións; e montaxe de mobles e elementos de carpintaría**, son as principais demandas formativas do sector.

Do mesmo xeito, demándase a creación dunha **distinción/acreditación ou rede de instaladores de elementos de carpintaría e moble**, co obxectivo de reducir o número de erros en obra.



# Análise das necesidades formativas do sector

## Segunda transformación

En relación coas novas tendencias en materia de arquitectura en madeira, derivan dúas necesidades formativas:

- Por unha banda o **deseño e cálculo de estruturas de madeira**. Esta formación, encamiñada a enxeñeiros e arquitectos, debe ampliarse en forma de **píldoras formativas** (de diferente carga horaria) para una reciclaxe de coñecementos e para que se acerque tamén aos encargados da súa instalación.
- Pola outra banda, **formación para a instalación, a montaxe, a rehabilitación e o mantemento** da madeira estrutural.

De maneira paralela a todo o proceso da segunda transformación da madeira, estase a demandar **formación específica en CNC** (Control Numérico Computerizado).





# Análise das necesidades formativas do sector

## Necesidades transversais

### *Formación Profesional Dual*

Actualmente estase a producir un impulso a nivel estatal no ámbito da Formación Profesional, e máis en concreto da Formación Profesional Dual. Sen embargo, a pesares deste gran esforzo por potenciar a FP, as cifras de persoas que se forman a través deste sistema seguen sen acadar os números que se rexistran noutros países europeos.

É necesario contar cunha formación profesional de calidade, que logre satisfacer as necesidades do mercado laboral e asegure a dispoñibilidade de persoal cualificado, polo que debe potenciarse a **impartición deste tipo de formación e fomentar o interese do alumnado por estes ciclos.**

Da man da formación profesional dual, conséguese unha retroalimentación entre o ensino e o tecido empresarial, asegurando que os profesionais acadan os coñecementos prácticos necesarios para desenvolver con garantías o seu posto de traballo.





# Análise das necesidades formativas do sector

## Necesidades transversais

### *Formación complementaria*

Ademais da formación específica para cada elo da cadea de valor, a continuación expóñense as principais demandas de formación complementaria a toda a cadea da industria forestal:

- **Seguridade e saúde nos procesos do sector**, promovendo a reciclaxe dos profesionais en materia de seguridade e saúde.
- **Caracterización ambiental.**
- **Valorización e aproveitamento da biomasa.**
- **Lexislación, normativas sectoriais e non sectoriais, e procedementos telemáticos coas Administracións Públicas**, fomentando o coñecemento das novidades en materia de lexislación do sector madeireiro, así como os procedementos a seguir para interactuar coas Administracións Públicas.
- **Ferramentas de xestión empresarial.**
- **Inglés técnico**, promovendo o coñecemento do vocabulario técnico especializado.
- **Habilidades transversais**, potenciando as habilidades persoais e sociais para directivos e cargos intermedios das empresas (liderado, xestión de capital humano, comunicación, etc.).



# Análise das necesidades formativas do sector

## Necesidades transversais

### *Accións xeradoras de valor*

As accións que se describen a continuación, ademais de complementar as necesidades de formación actuais, potencian a capacidade de xerar valor e anticipan futuras demandas relacionadas con toda a cadea da industria forestal:

- **Selo de calidade** para os produtos, valorizando a súa categoría en función da súa orixe e proceso produtivo.
- **Acreditación de calidade** para o persoal profesional do sector, outorgando un nivel de excelencia en función da formación recibida.
- **Fomento do deseño**, potenciando a incorporación do deseño nos procesos empresariais do sector como ferramenta de innovación que permita producir e comercializar produtos con maior valor engadido.
- **Introdución da innovación en materiais e usos da madeira:** utilización de tratamentos innovadores que permitan mellorar as diferentes tipoloxías de madeira, ampliando os usos da madeira producida. Impulso da fabricación aditiva, de biomateriais e novos procedementos para o tratado da madeira.
- **Tecnoloxías e metodoloxías innovadoras:**
  - **Industria 4.0:** xestión, optimización, dixitalización, automatización, sensorización e robotización.
  - **Xestión LEAN:** promover a excelencia nos procesos, optimizando o modelo organizativo, os custos e a produtividade.
  - **Análise e explotación de datos** obtidos nos procesos da cadea forestal, promovendo a optimización de tempos, custos e calidade.
  - **Utilización de drons.**
  - **Ferramentas e aplicacións de mobilidade.**
  - **Dispositivos wearables** para a xestión dos procesos.

# Análise das necesidades formativas do sector

## Necesidades transversais

### *Sensibilización e divulgación*

Por último, é necesario potenciar a sensibilización e divulgación do sector, a través de accións formativas e talleres:

- **Dirixidas aos profesionais do sector:**
  - ✓ Desenvolvemento de visitas guiadas a empresas punteiras e centros de investigación referentes do sector.
  - ✓ Xornadas, talleres e píldoras formativas coas novidades, tendencias, boas prácticas, etc., fomentando a transferencia de coñecemento.
  - ✓ Desenvolvemento de fichas técnicas de especies forestais, que facilite a súa identificación por parte dos axentes do sector (usos de cada tipo de madeira, tratamentos, etc.).
- **Dirixidas ao público en xeral**, dinamizando as accións de formación (p. ex. FP Dual) , as bondades da utilización da madeira en todos os ámbitos (construción, illamento, decoración...), e as súas vantaxes ambientais.





# Análise das necesidades formativas do sector

## Conclusións

Tras realizar a presente análise das **principais necesidades e demandas de formación**—na industria forestal expostas neste apartado, realizouse unha **selección e priorización da formación existente, tanto regulada coma non regulada**, por parte dos axentes clave do sector, para promover durante os próximos anos por parte de Axencia Galega da Industria Forestal.

Como resultado deste proceso, obtivéronse as **accións formativas prioritarias por cada elo da cadea forestal**, presentadas por orde de prioridade no anexo II.





# Análise das necesidades formativas do sector

## Análise DAFO

### DEBILIDADES

Déficit de oferta formativa específica de calidade no sector.

- Infrutilización da capacidade dos centros, das súas instalacións e equipamentos.
- Déficit de información e profesionalización na explotación forestal.
- Currículos formativos con pouco enfoque práctico.
- Falta de adaptación dos currículos formativos ao mundo empresarial.
- Déficit de oferta formativa en procesos de alto valor engadido.
- Escasa implicación de profesionais expertos do ámbito empresarial.
- Déficit de programas formativos sectoriais a nivel internacional.

### AMEAZAS

- Maior cualificación de profesionais de empresas internacionais.
- Entidades de formación xeneralistas, sen especialización no entorno e nas necesidades reais do sector.
- Déficit de colaboración entre o sector público e o privado para a identificación das demandas de formación e no impulso da FP Dual.
- Persoal infra ou sobrecualificado para os postos de traballo
- Escasa implantación da Industria 4.0.


### DAFO

- Rede de centros de formación ao longo de toda a xeografía galega.
- Disponibilidade de expertos docentes e especialistas nas empresas para a impartición de formación de calidade.
- Progresiva profesionalización do sector.
- Impulso continuado de accións formativas especializadas por parte dos axentes clave do sector.

- Impulso de accións formativas adaptadas ao sector a través colaboración entre o sector público e o privado.
- Necesidade de profesionais cualificados, demandados polas empresas do sector.
- Novas competencias relacionadas coas novas tecnoloxías e a innovación.
- Disponibilidade de centros de investigación e universidades para a colaboración e transferencia de coñecemento ao sector.
- Ferramentas de colaboración e innovación empresarial.
- Creación de novas certificacións que acrediten a calidade formativa dos profesionais.

### FORTALEZAS

### OPORTUNIDADES




# Mapa empresarial do sector en Galicia




# Mapa empresarial do sector en Galicia

## Rexistro de Empresas do Sector Forestal (RESFOR)

No seguinte mapa preséntase a concentración de empresas do sector que levan a cabo algún tipo de actividade e están inscritas no Rexistro de Empresas do Sector Forestal (RESFOR), permitindo identificar **áreas ou zonas clave para impartir as accións formativas**:





# Mapa de centros formativos de Galicia

# Mapa de centros formativos de Galicia

No seguinte mapa preséntase a distribución de centros dispoñibles na Comunidade para a formación na industria forestal e con acreditación para impartir certificados de profesionalidade (no anexo III preséntase a listaxe de centros formativos):


● Centro/s acreditado/s para impartir certificados de profesionalidade do sector


● Centro de Formación Forestal

● Centro de Formación Ocupacional Transversal

● Centro Integrado de Formación profesional

● Unidade de Acción Formativa





# Estratexia de formación da industria forestal

# Estratexia de formación da industria forestal

## Eixos e obxectivos estratéxicos

Tendo en conta toda a análise previa, neste apartado defínese a **Estratexia de Formación da Industria Forestal 2018-2020**, na cal se detallan os eixos e os obxectivos estratéxicos, as actuacións a desenvolver, os indicadores e o cronograma.

Os **eixos estratéxicos** definidos no marco da presente estratexia son os seguintes:

- I. **Asegurar a cualificación e capacitación profesional, adecuándoas ás novas tendencias e desafíos da industria forestal.**
- II. **Incrementar a competitividade das empresas da cadea da industria forestal galega a través da innovación.**
- III. **Sensibilizar á industria forestal e a sociedade galega do valor engadido da madeira.**









# Estratexia de formación da industria forestal

## Eixo Estratéxico 1: Cualificación e Capacitación Profesional

Este eixo recolle os obxectivos estratéxicos e as actuacións a desenvolver para asegurar a cualificación e capacitación profesional, adecuándoas ás novas tendencias e desafíos da industria forestal.













- **Obxectivo Estratéxico 1:** Formación Profesional Dual. Fomentar o método dual de formación profesional para a industria forestal galega.

Indicadores de impacto	Metas a alcanzar	2018	2019	2020
- Alumnado formado		24	36	48
- Número de cursos de FP Dual impartidos		2	3	4

Actuacións a desenvolver	Cronograma	2018	2019	2020
- Deseño e promoción de programas de Formación Profesional Dual				
- Colaboración coas empresas do sector para a impartición e/ou desenvolvemento de prácticas				

- **Obxectivo Estratéxico 2:** Certificados de profesionalidade. Apoio á impartición de certificados de profesionalidade, módulos e unidades formativas demandados polo sector

Indicadores de impacto	Metas a alcanzar	2018	2019	2020
- Alumnado formado		450	675	900
- Número de accións formativas dirixidas á obtención de certificados de profesionalidade		10	15	20
- Número de accións de formación de módulos ou unidades formativas de certificados de profesionalidades		20	30	40

Actuacións a desenvolver	Cronograma	2018	2019	2020
- Difusión da actual oferta de certificados de profesionalidade, módulos e unidades formativas				
- Axudas á impartición de certificados de profesionalidade				
- Axudas á impartición de obradoiros de emprego				
- Colaboración docente con expertos do sector para a participación na docencia				


















# Estratexia de formación da industria forestal

## Eixo Estratéxico 1: Cualificación e Capacitación Profesional

- **Obxectivo estratéxico 3:** Formación non regulada. Apoio ao desenvolvemento de formación non regulada adaptada ás necesidades do sector.

<b>Indicadores de impacto</b>	<b>Metas a alcanzar</b>	<b>2018</b>	<b>2019</b>	<b>2020</b>
- Número de accións de formación non regulada		10	15	20
- Número de asistentes a xornadas, e talleres		150	180	210
- Número de obradoiros de emprego		5	10	15
- Número de asistentes aos obradoiros de emprego		50	100	150

<b>Actuacións a desenvolver</b>	<b>Cronograma</b>	<b>2018</b>	<b>2019</b>	<b>2020</b>
- Axudas á impartición de accións formativas non reguladas				
- Incentivos á formación de persoas traballadoras ocupadas				
- Axudas á impartición de obradoiros de emprego				
- Axudas ao desenvolvemento de talleres, xornadas, congresos e almozos de traballo con profesionais da industria forestal, do ámbito da investigación e do ensino				
- Realización de feiras internacionais especializadas en tendencias tecnolóxicas do sector.				







# Estratexia de formación da industria forestal

## Eixo Estratéxico 2: Resortes de Innovación

Este eixo recolle os obxectivos a alcanzar e as actuacións a desenvolver para acadalos. Neste caso, incrementar a competitividade das empresas da cadea da industria forestal galega a través da innovación.





- **Obxectivo Estratéxico 1:** Fomento do Deseño como ferramenta de innovación e mellora da competitividade.

Indicadores de impacto	Metas a alcanzar	2018	2019	2020
- Xornadas e talleres de formación especializada		4	6	8
- Número de asistentes a talleres formativos		80	120	160

Actuacións a desenvolver	Cronograma	2018	2019	2020
- Desenvolvemento de accións formativas, de talleres e xornadas específicos para o deseño na industria forestal				
- Asistencia a feiras e congresos internacionais especializados				

- **Obxectivo Estratéxico 2:** Acreditación da calidade dos produtos e da cualificación dos profesionais do sector..

Indicadores de impacto	Metas a alcanzar	2018	2019	2020
- Número de produtos con certificado de calidade			5	10
- Número de profesionais con acreditación de calidade			20	50







Actuacións a desenvolver	Cronograma	2018	2019	2020
- Creación e implantación dun selo de calidade para os produtos da industria forestal				
- Creación e implantación dun acreditación/certificado de calidade da formación do persoal profesional do sector				

# Estratexia de formación da industria forestal

## Eixo Estratéxico 2: Resortes de Innovación





- **Obxectivo Estratéxico 3:** novos materiais e usos da madeira

Indicadores de impacto	Metas a alcanzar	2018	2019	2020
- Número de accións formativas relacionadas cos novos materiais			6	8
- Número de novos usos innovadores de materiais existentes			4	6
- Número de empresas que incorporan novos materiais ou usos			2	5

Actuacións a desenvolver	Cronograma	2018	2019	2020
- Fomento do pensamento creativo				
- Realización de xornadas de difusión				
- Colaboración con axentes de innovación				

- **Obxectivo Estratéxico 4:** Tecnoloxía aplicada á industria forestal.

Indicadores de impacto	Metas a alcanzar	2018	2019	2020
- Número de accións formativas especializadas			6	8
- Número de asistentes a xornadas e talleres			90	120
- Número de empresas que incorporan tecnoloxías de vangarda			4	6

Actuacións a desenvolver	Cronograma	2018	2019	2020
- Accións formativas de Industria 4.0				
- Xornadas para o fomento da implantación da Xestión Lean.				










# Estratexia de formación da industria forestal

## Eixo Estratéxico 3: Sensibilización e divulgación

Este eixo recolle os obxectivos a alcanzar e as actuacións a desenvolver para acadalos. Neste caso, accións dirixidas a Sensibilizar á industria forestal e a sociedade galega do valor engadido da madeira.







- **Obxectivo Estratéxico 1:** Sensibilización e Divulgación dirixida ao persoal profesional e aos prescritores da industria forestal.

Indicadores de impacto	Metas a alcanzar	2018	2019	2020
- Número de xornadas de divulgación		12	15	20
- Número de asistentes a xornadas de divulgación		300	375	500
- Número de visitas a empresas		6	8	8
- Número de dípticos e documentación técnica de especies forestais		200	500	1000

Actuacións a desenvolver	Cronograma	2018	2019	2020
- Xornadas de divulgación				
- Visitas a empresas referente na industria forestal a nivel nacional e internacional				
- Elaboración de documentación técnica do sector				

- **Obxectivo estratéxico 2:** Sensibilización e Divulgación dirixida á sociedade galega.

Indicadores de impacto	Metas a alcanzar	2018	2019	2020
- Número de xornadas de divulgación		10	10	10
- Asistentes a xornadas		75	150	225
- Número de dípticos informativos de sensibilización		200	500	1000
- Número de accións de comunicación		2	5	10

Actuacións a desenvolver	Cronograma	2018	2019	2020
- Xornadas de divulgación de bondades dos usos da madeira				
- Outras accións divulgativas				

# Estratexia de formación da industria forestal

## Indicadores

A continuación preséntase un cadro resumo cos indicadores dos obxectivos estratéxicos e o seu horizonte temporal, así como os datos de inversión a realizar no período 2018-2020:

Acción	2018		2019		2020	
	Nº de accións	Nº de alumnos	Nº de accións	Nº de alumnos	Nº de accións	Nº de alumnos
- Deseño e posta en marcha de programas de Formación Profesional Dual	2	24	3	36	4	48
- Impartir accións formativas da actual oferta de certificados de profesionalidade, módulos e unidades formativas	30	450	45	675	60	900
- Xornadas e talleres de formación non regulada	10	150	15	180	20	210
- Obradoiros de emprego	5	50	10	100	15	150
- Desenvolvemento de accións formativas, de talleres e xornadas específicos para o deseño na industria forestal	4	80	6	120	8	160
- Número de produtos con selo de calidade forestal	-	-	5	-	10	-
- Número de profesionais con acreditación / certificado de calidade da formación.	-	-	20	-	50	-
- Número de accións formativas relacionadas cos novos materiais	-	-	6	-	8	-
- Número de novos usos innovadores de materiais existentes	-	-	4	-	6	-
- Número de empresas que incorporan novos materiais ou usos	-	-	2	-	5	-
- Accións formativas de Industria 4.0	-	-	6	90	8	120
- Número de empresas que incorporan tecnoloxías de vangarda	-	-	4	-	6	-
- Xornadas de divulgación	12	300	15	375	20	500
- Visitas a empresas	6	-	8	-	8	-
- Dípticos e documentación técnica sobre especies forestais	200	-	500	-	1000	-
- Xornadas de divulgación sobre bondades e usos da madeira	10	75	10	150	10	225
- Outras accións divulgativas	2	30	5	60	10	120
- Dípticos informativos de sensibilización	200	-	500	-	1000	-



# Estratexia de formación da industria forestal

## Indicadores

Con todo elo, preséntase na seguinte táboa a evolución do número de accións e destinatarios por eixo estratéxico e anualidade:

Eixo estratéxico	2018		2019		2020	
	Accións	Destinatarios	Accións	Destinatarios	Accións	Destinatarios
Eixo estratéxico 1: cualificación e capacitación profesional	47	674	73	991	99	1.308
Eixo estratéxico 2: resortes de innovación	4	80	53	210	101	280
Eixo estratéxico 3: sensibilización e divulgación	30	405	38	585	46	845
<b>Total</b>	<b>81</b>	<b>1.159</b>	<b>164</b>	<b>1.786</b>	<b>246</b>	<b>2.433</b>

# Estratexia de formación da industria forestal

## Financiación

No seguinte cadro móstrase o detalle orzamentario da Axencia Galega da Industria Forestal para desenvolver as accións da Estratexia de Formación da Industria Forestal no horizonte temporal 2018 – 2020:

Destinatario	2018	2019	2020
Asociacións sen ánimo de lucro e colexios profesionais	300.000 €	500.000 €	500.000 €
Actividades de divulgación propias	50.000 €	100.000 €	100.000 €
<b>TOTAIS ANUAIS</b>	<b>350.000 €</b>	<b>600.000 €</b>	<b>600.000 €</b>
<b>TOTAL INVERSIÓN HORIZONTE 2018-2020</b>	<b>1.550.000 €</b>		



Anexo I.

Certificados de  
profesionalidade

# Certificados de profesionalidade

## Explotación forestal

A continuación preséntanse os certificados de profesionalidade analizados por fase da cadea de valor:

CP	Módulos certificado	Unidades formativas
Aproveitamento forestal (AGAR0108)	Apeo e procesado de árbores con motoserra (MF1116_2)	Posta en marcha e mantemento da motoserra (UF0267)
		Apeo de árbores con motoserra (UF0268)
	Apeo e procesado de árbores con colleitadora forestal (MF1117_2)	Colleitoras forestais e o seu mantemento (UF0269)
		Traballos de árbores con colleitadora (UF0270)
	Desembosque e tratamento de subprodutos forestais (MF1118_2)	
	Execución de traballos en altura en árbores (MF1119_2)	Técnicas e equipos de trepado (UF0271)
		Técnicas de poda en altura (UF0272)
	Execución de traballos de descortizado (MF1120_2)	
	Manexo e mantemento de tractores forestais (MF1121_2)	Funcionamento e mantemento de tractores forestais (UF0273)
		Manexo de tractores forestais (UF0274)
Xestión de repoboacións forestais (AGAR0109)	Operacións topográficas en traballos de agricultura, xardinería e montes. (MF0727_3)	Interpretación de mapas e planos topográficos e debuxado de planos sinxelos (UF0429)
		Métodos de traballo e utilización de aparatos, equipos e útiles topográficos (UF0430)
		Realización de traballos de agrimensura, nivelación simple e replanteo (UF0431)
	Xestión da repoboación forestal e corrección hidrolóxico-forestal (MF0728_3)	Implantación de especies forestais (UF0699)
		Traballos de infraestruturas forestais (UF0700)
		Coordinación e control de recursos humanos en traballos de agricultura, xardinería e montes (UF0434)
	Xestión dos tratamentos silvícolas (MF0729_3)	Planificación dos traballos de silvicultura (UF0701)
		Determinación do estado sanitario das plantas, chan e instalacións e elección dos métodos de control (UF0006)
		Aplicación de métodos de control fitosanitarios en plantas, chan e instalacións (UF0007)
		Prevenção de incendios forestais (UF0702)
		Coordinación e control de recursos humanos en traballos de agricultura, xardinería e montes (UF0434)
	Xestión da maquinaria, equipos e instalacións da explotación forestal (MF0730_3)	Funcionamento e utilización de máquinas, equipos e instalacións forestais (UF0703)
		Mantemento da maquinaria, equipos e instalacións forestais (UF0704)
		Substitución da maquinaria, equipos e útiles forestais (UF0705)

# Certificados de profesionalidade

## Explotación forestal

CP	Módulos certificado	Unidades formativas
